

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VII — NÚMERO 177 — 15 XANEIRO 1923

## A Santidade da Lingua

### FRENTE A FRENTE

Un xornal de Madrid, o "A B C", dende fai pouco iniciou unha campaña a morte contra das arelas nacionalistas que xermolan en toda a periferia da península. Sempre ise xornal se distinguiu como o mais aceso defensor do imperialismo castelán; mais nunca coma agora fixera do seu antinacionalismo bandeira de loita.

Moitos nacionalistas, sobor todo os catalás, contra os que fai especialmente a campaña, non lle otorgan importancia, fundados en que se trata d-unha opinión isolada, sin resonancias na concencia dos pobos hespañoles. Eu son de opinión contraria; quero supoñer honradamente que o "A B C" repersenta a opinión de Castela; temos que supoñelo mentras en Castela non se erga unha voz—e polo d-agora non s'ergueu—contraria a do "A B C".

Castela, pois, por medio do "A B C" dí que non tolera a cooficialidade das linguas ibéricas; e non-a tolera, non por secundarios motivos literarios ou mercantís, sinon porque afirma que sin unidade de lingua non pode eisistir unidade de patria, e argumenta c-o exemplo de Francia que impón á forza a sua lingua na Alsacia e na Lorena, e copia as protestas dos xornales valós contra da instauración do flamenco na Universidade de Gante, no senso de que isa medida é un crimen contra a unidade da Patria e da cultura.

Esto quer dicir que Castela reconosce que onde hai unha lingua hai unha patria é hai una cultura, que onde hai diversidade de linguas tén que haber varias patrias e varias culturas. Con esto Castela reconosce que a Hespaña non é unha sola patria; que na Hespaña hai tantas patrias e tantas culturas como linguas vivas. E ao querer matar istas linguas quere dicir que Castela pretende matar a patria galega, a patria catalana, todal-as patrias que non señan a mesma Castela, e pretende matar a nosa cultura e todol-os valores espirituales que se derivan da cultura e que son a razón de eisistencia dos pobos, para erguer sobor do noso camposanto a lingua e a cultura castelás.

### DESAFÍO

E Castela, por medio do "A B C", mándanos o seguinte desafío: "Todo español que no quiera hablar el castellano, debe ser considerado como extranjero". ¡Que non había ser verdade tanta beleza! A isa arroutada intemperante teño a seguranza de que todol-os galegos, inda aqueles que casi nunca falan en galego, contestarían non volvendo a falar nunca mais e castelán; porque esto quer dicir que Castela non admite trato de igualdade, que quere ser sempre a soberán altiva e dominante, que non sinte cordia-

lidade para os demais pobos, e que samente nos tolera por comenencia. E por comenencia ollando, os galegos que por riba de todo temos a reflexión, virtude esgrevia da raza, preguntariámonos qué beneficio nos reporta a nacionalidade hespañola; e de camiño nos lembraríamos de que xa Costa, un dos políticos mais hespañolistas, tén dito que é mal negocio ser súbdito do Estado hespañol que esixe todo e non concede nada.

Fagamos sinon, un pequeno inventario:

O paisano galego pol-o dereito de ser cidadán do Estado hespañol, tén que pagar cara a roupa que viste para protexer-a industria nacional; tén que pagar caral-as ferramentas de traballo para protexer a produción nacional; tén que pagar cara a mantenza para protexer o trigo, o azucre, e n-unha verba, a agricultura nacional; trigo, ferro, manufacturas, tecidos, nada d-isto se dá en Galicia, e por estos productos o cidadán galego tén que pagar un sobreprecio de moitos millós todol-os anos.

O galego non pode abrir mercados ás suas conservas, porque tén que pagar caros os envases para protexer a siderurxia nacional; mais en troques tén que vender con perda o seu gando, que non está protexido, para que os demais hespañoles poidan comer carne barata.

Por ser cidadán hespañol tén que ir o galego a morrer sin gloria e sin honore a terras d-Africa; tén que sufrir unha xusticia mediatizada pol-o caciquismo; tén que sufrir na emigración a vergoña da mais ausoluta orfandade.

Galicia lle debe ao Estado hespañol o ser a terra d'Europa con menos camiños de ferro, o non ter centros de ensino, a escravitude dos foros, a morte das suas fontes de riqueza, e o esvaimento da sua espiritualidade.

E frente d-estas gabelas, que son atraso económico e moral, ¿qué beneficio pode ostentar o galego como cidadán hespañol? O de pertencer a un Estado que está vivindo en Hespaña con miseria e morrendo no extranxeiro con vilipendio.

### ¡ L E R I A !

Mais permitideme ista verba ao pensare n-un Estado que quer impór a sua lingua sin escolas que a difundan; mitá da mocidade galega non vai á escola porque non hai escolas.

Un Estado que está conquistando a Marrocos en nome da Civilización, e gasta alí en Instrucción pública cen mil pesetas ao ano, mentras no mesmo tempo gasta mais de seiscentos millós de pesetas para sostel-o exército de ocupación. Un Estado que obra d-iste xeito sempre será un obstáculo á Civilización da Humanidade.

L. PEÑA NOVO.

## Perden o tempo

Foron enormes, por propios e alleos, os esforzos feitos para desgaleguizar a nosa terra. Dende os comezos do século xv non se insinou o galego en ningunha escola, nin n-el s'escribiron documentos púbricos. Mail-o nervo da raza, os poboadores das aldeas e pequenas vilas, apresentaron o seu espírito coa impermeabilidade dos corpos que samente s'adoitan ao ambiente en que foran nados. Non escribían os poetas, mais seguían vivindo e xermolando as cantigas, romances e léndas fillos da musa do pobo; non s'escribía música enxebre, pero da propia natureza, dos queixumes dos escuros piñeiros, do balbordo do mar, ao s'esnaquizar nas nosas ribeiras..., das armonías da nosa vida toda surxían esas alboradas, alalalás, regueifas, cantos de reis, muiñeiras algueirantes e barís que revelan un espírito fondamente artístico e gracioso, vario e inspirado, como non tén na mesma medida ningún outro pobo.

As multitudes, que teñen na súa psicoloxía un punto común que responde aos chamamentos d'arelas e sentimentos vernáculos, son, endeben, a pouco que se traballen, campo fecundo onde a semente patriótica atopa elemento para prender e medrar. Pero algúis espíritus escolleitos, en que Deus puxo o lume da inspiración, siguen vivindo d'espaldas á Terra; que tanto val, non decatándose dos seus valores artísticos e caíndo n-un androxinismo abafante. ¿Quen non se lembra de Manolo Quiroga? Pois, inda que é un namorado de Galicia, non sinte a necesidade, a nobre cobiza, de que no seu violín maravilloso atopen expresión a música galega. En troques, toca moitas veces cousas alleas, nuí discutibles como obras artísticas, e non se lembra d'un "Adiós á Mariquiña", de Chané; da "Negra sombra", de Montes; da música verdadeiramente crásica e técnicamente perfetai do inmortal Marcial del Adalid. ¡Qué erro tan grande, xa que non podemos calificalo d'ingratitude, pois o noso violinista, amigo agarimoso, en todol-os demais erdes é consecuente e nobre!

Perden o tempo os "desgalizadores". Para lograren o seu intento terían que trocar a topografía, o crima, a terra, n-unha verba, a mesoloxía en que vivimos. E como d'estes feitos e condiciós naturás ven a raza, as diferenciacións da nosa alma, o sangue que pula no corazón, aquel traballo é completamente perdido, inda que sea retardatario para o renascimento e trunfo da causa sagra da nosa nacionalidade.

ASIEUMEDRE.

## Nova entidade nacionalista

Pol-os xornales da localidade enterámonos de que se creou n-esta capital unha Delegación da Irmandade Nacionalista Galega.

Esta Delegación, según as notas oficiosas que a prensa publicou, terá por ouxetó a xuntanza de literatos, artistas e escritores para unha labor común de creación e difusión da cultura galega con ausoluto apartamento da política. Todol-os xornales, inda os mais caciquiles, gaban grandemente iste nobre intento. Nosoutros felicitámonos tamén da aparición d'esta nova entidade, que ven dar un pulo

mais ao nacionalismo galego, e felicitamos aos seus organizadores.

Nosoutros agardamos moito da labor do novo organismo, porque non podemos esquecer que o camiño que sigue é o mesmo camiño iniciado pol-as Irmandades da Fala, que no seu comenzo foron entidades literarias adicadas somentes a unha labor de cultura galega con apartamento da política.

E inda que as Irmandades ao pórse en contacto coa realidade víronse obrigadas a darlle un caracter de afirmación política ás súas actuacións para diferenciarse d-aqueles elementos que pertencían a organización da política centralista, porque dábase o caso de que ás Irmandades da Fala nos seus comezos pertenceron moitas persoas sinificadas na vella política dos partidos turnantes, porque estas persoas dicíanse amantes da cultura e fala galegas e por elas traballaban, pero moitos decatámonos de contado de que na nosa labor cultural latexaba unha arela redencionista e liberadora que non podería desenrolarse con aqueles elementos, sin embargo as Irmandades inda n-aqueles comezos de retardatario confusionismo foron sempre xermolo de fecunda rebeldía, e d-elas sairon cantos elementos despois predicaron o nacionalismo por Galicia adiante.

Por iso nos satisface a aparición de novos organismos que comencan a súa vida do xeito que a comencamos nós, porque a súa labor será fecunda e ntodo caso, e cando a esperencia os vaya aleccionando, temos aseguranza de que virán a identificarse con nós en idealidade e en actuación.

## Sin comentarios

A «Asociación da Prensa» da Cruña reuniuse para elexir nova directiva. Copiamos do semanario «El Lunes» o que sigue:

«Fué nombrada, A PROPUESTA DEL SEÑOR VILLAR PONTE, la siguiente Junta directiva que regirá los destinos de la Asociación durante el presente año:

Presidente: D. MANUEL CASÁS FERNÁNDEZ.

Vice: D. Baltasar Suárez.

Secretario: D. César Alvajar.

Vice: D. Francisco Rodríguez.

Tesorero: D. Federico L. Bailly.

Contador: D. José González.

Vocales: D. José Panisse, D. José Ulloa y D. Fernando Osorio.»

Os nosos leitores recordarán as campañas feitas pol-o Sr. Villar Ponte sendo director de A NOSA TERRA, contra o Sr. Casás.

Nada mais elocuente que un paseño pol-a colección do noso boletín.

## A provisión da Mitra de Santiago

¿Cando nos chegaremos á decatarse todol-os galegos de que e tempo e obriga imprescindibile a de demandar franca enérxica e contundente aos poderes do Estado hespañol se formamos parte integrante do mesmo o somos simplemente coma unha colonia pol-o xeito das que tiñan os romanos?

Decimos esto pol-a serie innumerable de pretericiós que con nosoutros se teñen. ¡Ou quen fora terra de Marruecos!

Nosas xustas e miserentas peticións de axuda ao poder central nin se atenden nin lles conceden atención. ¿Para qué ou porqué? Somos galegos e non hay porqué facer-nos caso. As nosas xentes son sumisas, peles e de cote despertadas a donar xenerosamente o seu diñeiro, e o seu sangue...

Se foran como as de outras rexións que sempre protestan, todo o regatean e todo lles parece pouco para elas, non pidindo humildosamente como nós senon nos tonos mais airados de protesta, d'aquela sí que habería para a nosa Terra todos aqueles meirós e todas aquelas mercedes, por imposibres que parezcan, mais ¿non nos han de negar as cousas mais precisas e mais cativas, se á cotío nos resignamos e poñemos en práctica o precepto evanxélico que manda cando firen a un na meixela dereita presentala esquerda para un novo golpe?

Agora mesmo, vacante a Sede compostelán, se nos comenzos falouse de que un prelado galego sería o nomeado, xa se nos ven decindo que non será así e que o arcebispo de Santiago ten de sere un alleo a estas terras.

Cando xa creíamos desbotados, para nunca mais volveren, os prexuícios de pasados tempos que parecían pesaren riba da nosa clerecía pois houbo longo período de anos nos que malia de termos varós preclaros no estado eclesiástico, non había en toda Hespaña un bispo que fora nado na nosa terra e as xentes se preguntaban que veto terían os nosos para tal proceder, cando en troques nos países estranxeiros eran vascos os sacerdotes galegos que tiñan postos de alta xerarquía.

Pois ben, agora que entre dos prelados de Hespaña brillan pol-os seus méritos, talentos e virtudes moitos galegos, agora que non cabe outra desculpa que, cal dirían os franceses, a de "l'embaras du choix", pois tanto e tanto optimo hay por donde escoller para que quen rixa a primeira silla episcopal da rexión, poda ser galego, ocórrese-lles aos que mal nos gobernan a desastrosa idea de inxuriarnos unha vez mais e teñen o pelengrino pensamento de botar man para que seia arzobispo de Santiago un perlado alleo por complot.

Non creemos que á tanto se estrevan e que tal suceda, mais se así fora, de nos seguiren tratando como a colonia, de facernos tal desprezo non nos esquezamol-os galegos de que de quereremos sere respetados, temos de botar á un lado o que temos de fillos sumisos e obedentes, pois mais se gana canto mais descastado e reverte se seia. Lembémonos do "fillo pródigo" dos Libros Santos.

Fagamos, pois, canto mais antes millor, cal proceden

outras rexións se queremos se nos oya e se nos favorezca. O amor e a obediencia non s'estima e paga mal: en troques a quen se teme se lle agasalla e dan todol-os menos, pois no mesmo en estas terras que nas demais e ben certo o refrán que manda:

*Ao malo, amalo.*

Non consintamos como en derradeiros tempos que Zamora fale por Galicia, pois o mal ben desde esta data. Se os galegos d'aquela houberan tido folgos para non consentilo e en vez de afloxal-os cordós da bolsa para tere voz propia e de por sí, houberan feito o que debían, que para elo tiveron ocasión e tempo, outra sería a sorte do noso pobo. Hoxe estamos como antano, pois os "cunheiros" falan por nós e esto tamén ten de concluir.

Exemplos temos abondo: non están tan lonxe os de aqueles que en horas amargas para o Estado, en que parecía chegado o *finis Hispania*, desangraban o país coa guerra civil, e tan cativos e suicidas procedimentos fóron-lles pagados derramando sobre eles, para acougalos, toda a protección oficial e concedéndolles hasta un réximen de privilexio.

Mentras tanto Galicia, que non escaseaba nin fillos nin tesouros, estaba no esquecemento e o seu ferrocarril comenzado no ano 1858, non o ven romatado hasta o de 1883, ou sea, ao cabo de 25 anos de grandes loitas para conseguir coma un favor o que se lle debía de xusticia.

Aprendamos, non nos esquezamos e a faguer como os demais se non queremos que se sigan bulrando de nosoutros.

## Unha conferencia

O día 30 de Nadal do ano pasado e ante unha moi numerosa concurrencia, dou unha intresante conferencia no "Centro Obrero de Cultura", do Ferral, o noso moi querido e admirado amigo Anxel del Castillo.

Disertou o culto conferenciante, sobor do tema "De la riqueza artística de Galicia", que desenrolou d-unha maneira maxistral, demostrando o valor que ten o patrimonio artístico, na fixazón da verdadeira persoalidade d-unha nacionalidade.

Unha vez mais, animóu ás xentes de Galicia, a defender-os valores artísticos da nacionalidade, que son os que a persentan entre a civilización, con total-as características precisas, para fixar ante a historia, o seu temperamento nacional.

Sentimos fondamente non poder publicar integra a súa conferencia, que non dubidamos gardarian, as xentes, que s-intresan pol-as cousas da nosa terra.

Dend-estas columnas, que levan por blasón a sinceridade, enviamos ao Sr. Castillo, a nosa agarimosa felicitación e animámol-o para que siga sin acougo a súa labor, cuya difusión tanto porveito ten para Galicia.

---

Use vosté papel de fumar  
**NOROESTE**

# Gran campaña agrario-nacionalista

## Un gran mitin na Laracha

Fai tempo que latexaba no noso peito, o desexo de comenazar unha campaña de intensa propaganda agrario-galeguista, que mantivera acesa no noso corazón, os rebeldes desacougos do noso espírito, atormentado pol-a quidade en que se atopaban os elementos anticaciquís de Galicia.

Como coidamos chegado o momento, de dare á nosa patria as armas de loita que a cotío está pedindo, un gran número de elementos de espírito liberal e fundamente galeguista, xuntos somentes pol-o desexo de colaborare mancomunadamente pol-o engrandecimento e pol-a libertade de Galicia, lazánmonos á loita sin mirare, nin un instante, o credo político de cada un de nós e esixindo somentes como xuramento o de seré leás en todol-os instantes á sagra causa que circunstancialmente nos xunta.

Non podíamos permanecer quedos por mais tempo, os que levamos no noso peito arelas de redenzón para a nosa Terra.

E como estamos convencidos de que é unha cobardía andar con lirismos cando Galicia pide homes e vontades que a defendan do enemigo común, como temol-a ausoluta seguridade, que os homes que hoxe rixen os destinos da nosa patria son incapaces de facer froreecer a súa alma, veíe, pois, os motivos, porqué comenzámol-a campaña redenzonista con un gran mitin na Laracha, de cuyo auto pasamos a facel-a reseña.

\* \* \*

Atentamente invitados por sinificados e valiosos elementos da comarca bergantiñán, o día de Reises celebró:se no lugar da Miñoteira un gran mitin agrario, inicial da campaña que teñen pensado emprender por Galicia (é especialmente pol-a circunscrizón da Cruña) elementos de gran sinificación no campo das libertades galegas.

A chegada dos oradores, foron disparadas numerosas bombas de palenque, anunciando aos labregos a chegada dos apóstoles da boa nova, que levaban a terras de Bergantiños a esperanza de unha próxima liberación dos agros celtas.

### O MITIN

As tres da tarde (hora en que estaba anunciado o mitin nas follas que se tiñan espalladas), comenzóu o auto dentro do maior entusiasmo, e ante unha gran concurrencia que non baixaba de mil quinientos labregos ansiosos de se incorporar ao movemento reivindicador da personalidade de Galicia en todol-os ordes. Numerosas mulleres co'a sua presenza, facían da Miñoteira un campo de froridas e recendentes roseiras.

Ocupaban a presidencia do mitin, na campaña dos señores Martín Martínez, Peña Novo e Tomás Rodríguez Sabio, elementos de gran valía entre os cuales recordamos ao prestixioso abogado D. Pablo García Pose, os curas pá-

rrocos Sres. Manuel Sueiro Novo e Manuei Areosa, o coadjutor Sr. José Suárez País, os valentes loitadores agrarios Sres. Ramiro Suárez Moreno, Manuel Iglesias Silveira, Antonio Lanci Pet, Eliseo Pet, Francisco Varela, Joaquín Canedo Maseda, Ramiro Suárez Castiñeiras, Eladio González Cambón e representantes de Soandres, Során, Carballo, Payosaco, Vilaño, Coiro, Lestón, Aiteixo, Lamallo, Valdallo e outros lugares da comarca.

Abriu o auto e fixo a presentación dos oradores, o vello agrario Antonio Lanci Pet, que dixo unhas verbas en galego explicando o ouxeto do mitin e invitando aos agrarios a seguir sin medo a loita comenzada, manifestando que si todos poñen a súa axuda, pronto habrá xusticia e libertade en terras de Bergantiños.

Seguíuno no uso da palabra o Sr. Tomás Rodríguez Sabio, nacionalista, militante nas "Irmandades da Fala", quen pronunciou verbas de alento para os agrarios, facéndolles comprender a necesidade de xuntar a todol-os gallegos par-a defensa da dinidade e persoalidade de Galicia, hoxe atropellada pol-as salvaxes hostes caciquís. En brillantes párrafos atacóu duramente ao caciquismo gallego e dixo que, vista a incapacidade dos autuás gobernantes para rexir os destinos de Galicia, era deber innegable de todol-os homes de pensamento liberal, opoñerse a que os tiráns sigan cometendo fechorías, asesinando cobardemente a agrarios pol-o único delito de se querer asocmiar para loitar pol-a dinidade individual e pol-a libertade colectiva.

Lois Peña Novo, co-a elocuencia en él peculiar, abordóu de un xeito maxistral todolos problemas gallegos, pronunciando un fermoso discurso do que só daremos a coñecer algunhas partes pol-a carencia de espacio.

Falou da proteición arancelaria que teñen total-as rexións hespañolas, e fixo a comparanza co-a proteición que tén Galicia, dicindo que namentral-as fontes de riqueza de total-as rexións están compretamente defendidas pol-o arancel, a gandería e as industrias pesqueiras gallegas están compretamente indefensas para non perxudicare ás demais rexións, y en troques beneficialas co-a libre entrada de carnes conxeladas da Arxentina, beneficio este que non nos perxudicaría, si se permitira a libre entrada de millo e trigo da Arxentina. Dixo, namentras total-as rexións están compretamente defendidas, Galicia é para vergoña da Europa o único pobo do mundo que paga impostos pol-o dereito de comer pan.

Tratou con gran serenidade o problema político en Galicia e dixo que namentras todol-os gallegos permanezcan indiferentes aos problemas d'a terra, será preciso condenar á súa indiferencia como a culpabre dos males que nos afrixen.

En párrafos elocuentes, fala da grandeza da alma da muller galega, única en España, que pol-os seus feitos conquiriu renome universal. Dí que o día que as mulleres gallegas, decatándose da cobardía dos homes, dispóñanse a

intervire na política, entón habrá que sinalar esta data gloriosa como o comenzo da liberación, pois cando elas pasen a gobernar, desaparecerá completamente o caciquismo de Galicia.

Ofrece aos labregos o seu incondicional apoio para todas as causas xustas e di, que si os entusiasmos demostrados n'este mitin perduran no corazón de todos os asistentes, moi axiña os labregos de Bergantiños serán libres do salvaxe e sin entranas caciquismo que os ten agrilloados.

O rematal-o seu discurso (que foi moi apraudido durante o curso do mesmo), resoou unha gran ovación e voces de alento para que siga a loita comenzada.

Sube á tribuna o Sr. Martín Martínez, e comenza dicindo que él ven á loita porque como home de un espírito fondamente liberal e galleguista, non podía consentir por mais tempo que o caciquismo seguira mangoneando os destinos de Galicia. Fala con gran elocuencia da necesidade de que os segredarios de Auntamento sexan servidores do pobo que os paga, e non caciques do mesmo. Esprica as melloras económicas que os pobos concederon aos segredarios, para que o seu haber fora d'abondo para cubrir as necesidades dos mesmos e d'este xeito poderlles esixir a non intervención na política do Municipio, emplazándoos no caso de negativa, a pórse en contra ou a favor do pobo que os paga. O pronuncial-as derradeiras palabras do párrafo anterior ócense no público voces de: ¡Fora o segredario Astray!

Fala da necesidade de que os pobos elixan os seus verdadeiros representantes no Parlamento, e dice que si Galicia non tivera no novo Parlamento deputados que foran a verdadeira representación do pobo, cando se puxera a discusión a reforma da Constitución e o problema da autonomía rexional, os gallegos, por culpa da indiferencia n-eles peculiar, non poderían alzar a súa voz en defensa d'estas cuestións, que son a base do rexurdimento político-económico de Galicia.

En brillantes párrafos (que sentimos non poder dar a conocer íntegramente) fala da necesidade de que cando Cataluña e Vasconia prantén no novo Parlamento o problema da autonomía, Galicia teña representantes que ergan a súa voz en defensa da mesma. Pregunta á concurrencia: ¡Labregos! ¿Estades conformes co-a creación d'un único poder galego co'a autonomía municipal a base de reconecemento da personalidade xurídica das parroquias? Esta pregunta é contestada con voces de afirmación e grandes aprausos.

O Sr. Martín Martínez terminou o seu elocuente discurso con un ¡Viva Galicia libre! Grandes aprausos coroan as derradeiras frases do noso querido amigo.

Có anuncio de que a campaña seguirá por toda a circunscrición remata o mitin que deixou nos labregos da Laracha unha gran impresión a xusgar pol-o entusiasmo demostrado ao final do mesmo, e pol-as noticias que nos trouxeron amigos de aqueles lugares.

O rematal-o auto foron acompañadol-os oradores por todos os labregos que os despediron con aprausos e numerosas bombas de palenque.

## En Santa Cruz do Porto

Seguindo a valente campaña agrario-galleguista comenzadano grandioso mitin da Laracha, o domingo día 14 celebrouse en Santa Cruz, un gran acto anticaciquil ao que asistiron amablemente invitados por significados veciños da comarca mariñana os nosos queridos irmáns Lugrís Freire, Rodríguez Sabio, Casas e Martínez.

En elocuentes verbas, presentou aos oradores o irmán Víctor Casas e animou aos labregos a laborar polo extirpamento do caciquismo, base fundamental para o rexurdimento da nosa terra. Seguironno no uso da palabra os señores Martínez, Rodríguez Sabio e Lugrís Freire, que combatiron con valentía ao caciquismo culpable do atraso da nosa terra e fixeron ver aos asistentes ao acto a necesidade de asociarse; para que xuntos os galegos d-espírito liberal, poidan dar en non lonxanos días a derradeira batalla aos vampiros e chuchadores da y-alma e riquezas de Galicia. Falaron do problema de Marruecos, o que combatiron rexamente, por entender que é o cimenterio da mocidade galega, enviada a terras alleas a defender unha causa que non lle intresa. En párrafos elocuentes, que non publicamos por falta de espacio, analizaron todos os problemas da nosa terra, demostrando o conocimiento que d-eles téñen a vanguardia espiritual da nosa patria.

A numerosa concurrencia, que pasaba de quinientas personas, premiou con agarimo e sentidos aprausos a valente labor dos oradores, que deixaron grata lembranza n-aquelas fermosas terras mariñanas.

No remate de este gran acto, déronse moitos vivas a ¡Galicia libre!, os que eran contestados pol-as numerosas mulleres que estaban no salón e que deron mostras de un gran entusiasmo e acendrado patriotismo, apraudindo os párrafos mais emotivos dos discursos pronunciados.

Entre a concurrencia vimos aos nosos queridos amigos os valientes loitadores Manuel González, Jenaro, Sánchez, José García Campo, Ramón González, Antonio Reimúndez, Eduardo Martínez, Alvaro Barral, José Taboada e Eduardo Sánchez, que se mostraron dispostos a organizar rápidamente unha Sociedade de Defensa Veciñal, que recolla as aspiracións dos elementos liberais d-aquela comarca e marque ao mesmo tempo unha nova e galleguista orientación na vida política do Ayuntamiento de Oleiros, hoxe mangoneado completamente pol-a jarka liberal, culpable da pobreza da comarca e da ñoranza dos seus habitantes.

Con motivo da organización d-esta sociedade, axiña celebrarase en Oleiros outro mitin ao que asistirán todos os elementos orgaizados do término municipal.

\* \* \*

O día 21 do presente mes, según xa se está anunciando, celebrarase un gran mitin en Payosaco (Laracha) ao que asistirán todos os agrarios de aquela comarca.

**Papel de fumar**

**N O R O E S T E**

## Regionalismo práctico

Co este título publica un articulíño a revista de Vigo "Vida Gallega", que ven dándonos á razón aos nazionalistas.

Gracias a Dios que se van convencendo todol-os galegos de que para nós debe ser Galicia antes que nada, e que debemos procurar por todol-os medios que a dirección moral e material da nosa Terra non sexa encomendada a persoas alleas.

E di entre outras cousas:

"Debemos pedir que se ponga a Galicia en condiciones de hacer en provecho de sus hijos lo que las demás regiones hacen en provecho de los suyos. Para esto es indispensable que nuestros elementos directivos sientan y comprendan que sólo en nuestras manos puede tener cuidado y desarrollo, cariñosa devoción, el brillo necesario, determinados espirituales intereses".

Eso precisamente é o que vimos dicindo de cote; eso é o que pedimos á todol-os galegos.

Agardamos, pois, que no adiante a revista "Vida Gallega" axude a nosa labor para que o nazionalismo, ou rexionalismo (para nós esto é igual), vaia cada día estendéndose mais e poida realizar os fins prácticos que é preciso.

## Escola Dramática Galega

A velada celebrada na "Irmandade" o 31 do pasado, foi un éxito mais, e dos mais grandes, para a "Escola Dramática Galega". Representou o boceto dramático en dous actos do noso distinto irmán D. Euxenio Carré Aldao "Sacrificio", xa representado anteriormente. Como o primeiro día, gustou moito e foi moi apraudido.

Estrenou despois un cadro tráxico do noso irmán Leandro Carré titulado "A venganza", escrito recentemente e exprofeso para a "Escola". Trátase d'unha fermosa obra con un argumento moi suxerente, propio para desenrolar en dous ou tres actos, d'unha gran intensidade dramática e perfectamente dialogada. Constitúe esta obra, que é lástima non sexa un pouco mais extensa, un indiscutible acerto do seu autor, a quen felicitamos.

\* \* \*

Na velada que a "Escola Dramática Galega" celebrou na Irmandade o día 7 representou novamente o cadro tráxico de Leandro Carré "A venganza", que como o domingo anterior foi moi apraudido. Con él levou á escena o gracioso xuguete de Charlón e Hermida "O manciñeiro", que, como sempre que é representado, gusta moito.

### SOCIEDADES ARTÍSTICAS GALEGAS

## As primeiras festas de 1923

Cando hai anos entalábanos o corazón o sentimento de ver desfeita aquela agrupación tan artística e tan enxebre dirixida por D. Perfecto Feijóo, xurdiu no Ferrol pol-o entusiasmo d'un fato de rapaces o novo coro que co título de "Toxos e Frores" recourreu en triunfo toda Galicia e fixo nacer, ante os seus éisitos e mal-o interés que esperaba ondequeira que se presentaba, outras agrupacións similares que agora eisten xa en total-as vilas importantes da Terra, facendo revivir a música popular tan rica e variada, que gracias á labor d'estas meritísimas coledividades fíxose novamente de actualidade cando xa coase estaba perdida por complot.

Hoxe, comprendendo que a súa labor debe ser axudada pol-o fomento doutra arte característica, o teatro galego, todol-os coros teñen seiciós dramáticas ás que atenden co

interés que merecen. A de "Toxos e Frores", que dirixe o mesmo presidente da agrupación, o Sr. Xaime Quintanilla, ven celebrando nas festas do coro representacións das obras galegas que mais se axeitán ao espírito que anima eses festivos.

O primeiro d'este ano efectuouse no Ferrol e foi un triunfo mais para o coro "Toxos e Frores". O estreno de dúas obras do noso irmán Leandro Carré, "Tolerías" e "Ocorazón d'un pedáneo", valeron tamén aos intérpretes moitas gabanzas e aprausos.

A eles unimos os nosos, e alentámoslos á proseguir na obra, en marcha, de facer unha intensa labor artística xenuinamente galega que axudará á erguer o nivel cultural da nosa Terra e mais a conciencia da propia personalidade do pobo galego.

\* \* \*

A xunta directiva de "Cantigas da Terra", como homenaxe aos coristas da enxebre agrupación cruñesa, osequiounos c'un banquete que se celebrou no "Kiosco Alfonso".

O noso irmán e inspirado poeta galego D. Eladio Rodríguez González, presidente honorario do coro, e o delegado rexio de Belas Artes D. Anxel del Castillo, actual presidente, dixerón ao romate do xantar unhas elocuentes palabras gabando a labor da agrupación e facendo votos porque continúe o entusiasmo dos rapaces en pro da nosa arte.

Romatou a festa c'unhas cantigas do coro que foron moi apraudidas pol-os moitos admiradores e protectores con que conta a notabre agrupación que acudiron a tan simpático acto.

A nosa embora aos coristas e organizadores da festa.

### PAISAXES

## De Camariñas á Ponte do Porto

Mañanciña de sol. Luz cegadora, coma pó dourado, que espalla o sol, ridente, pol'a campia, e que entrase n'a i-alma pol-os ollos, moi abertos, coma con sede degarante d'a groria meiga de tanta beleza. Sinfonía, maina e doce, d-os cantos malencónicos d'os carros lonxanos. Boligar brillante do sol ao bicare as augas azues e quedas d'a ría. Aínda brétima branca n'os vals lonxanos, o mesmo que fume espallado, ou coma esfañado cotón a secare entr'os piñeiros mouros e pingantes do orballo do abrente. Velas brancas n'a ría, de "gameliñas", valentes e pequeneiras, que levan n'o seo homiños barudos e arriscados, a pescaren fora d'a ría, n'o mare de cote brincador e ranco de tanto fungar, e aínda non canso de se querer metere terra adrento n'unha posesión desexada con arela sindomabrer de loitador endexamais vencido pol-os penedás irtos d'a veira-mar. Murmurio de bicos d'as augas ac chegaren docemente ao areal louro. Gris soaviña e morna, que leva os recenderes mesturados d'as froliñas d'a campia, e as calgaias emaciós d'os algazos d'a riveira.

E os ollos, parvos, a fitaren tanta beleza, con fame d'ela. E a i-alma a tremer de ledicia n-ista posesión prana de tanta fermosura:

Póusase unha man n'o meu lombo. Crébase o encantamento do meu ollar. Unha voz ronca, dime:

—A marea e boa para ire á Ponte. E, cando vostede queira...

E o "Nacho" quen me fala. O "Nacho" é un mariñeiro camariñán que, n'un bote seu fáil o barqueo entre Ca-

maríñas e Muxía ou a Ponte do Porto, amén d'os moitos viaxes ao Piadoiro, cando érguese n'a outra banda a fumareda anunciadora de xente que quere pasar a ría.

O bote, grande e moi mariñeiro, que emproado cara á ría, ten a popa cravada n'a area. Drento d'él vexo dous rapaces, fillos do "Nacho", que óllanme sorrindo. Inda que novos, son dous mariñeiros valentes, qu'o mesmo van a Muxía soprando enravexado o "vendaval", que fán un viaxe á Ponte un día de "nordesia" feridora; azubiando, ledos e risoños, o mesmo que cando n'os días de vagar tumbábase ao sol, coma gatiños preguiceiros.

Xa istamos a bordo. Izan os rapaces a vela, grande e branca, e o "Nacho" arma o timón. Camariñas queda, pouco a pouco, pol-a popa. As suas casiñas brancas vánse vendo cada vez mais escuras, coma se entre elas e nosco fose caendo unha gasa azuada. Da o bote unha pequena orzada para embocar o río d'a Ponte, e Camariñas desaparece tapada por un saente da costa, o mesmo que un pano pintado que cai de súpeto.

A barra. Brinca, un pouquiño, o bote, e dempois son as augas do río tan quedas e cristiñas, que somellan seren de vidro; pol-as que vai o bote esbarando mainamente. Morre o vento. Os rapaces arrián a vela. Síntese o roce do "arraque" ao baixar pol-o pau. Dempois arman os remos, e as augas limpas e verdes, d'un verde craro e cambante, crebábase profanadas pol-os chapoteos espaciados, monótonos, d'os remos. Pasan, por riba de nosco, voando paseniño, unhos "mazaricos" de peteiro cheo, ceibando os seus asubios tristes e bulróns. Un rapaz que garda o gando n'a beiriña do río, bérranos:

—¡Eih... eiiih!...

E un berro longo ao que sigue unha gargallada que creba o acougo solemne d'a Natureza; e o eco leva, cada vez mais mainiño, o berro agud odo rapaz, e repite a gargallada coma ríndose tamén de nosco.

Pasan unhas gabarras con "rolla" de pino para Camariñas. Van esbarando amodiño pol-as augas dormestas. As suas velas, moi grandes, somellan ás de xigantescas gaivotas a nadaren, unha d'elas pasa ao noso rentes. Os seus tripuantes—catro rapaces barudos—van deitados encol d'a "rolla". O patrón, co'a vara do timón baixo o brazo, fita o río con fixeza, coma se quixera seguire a canal, para evitare unha varadura. E os mariñeiros cantan a coro un alalá malencónico, d'un ritmo doce, que leva o ár por entre os pinos, e pérdese soavemente coma espallado n'a paisaxe milagreira, n'unha fusión lediciosa de beleza e poesía. E a nosa i-alma, suspensa e coma parca, ante ista beleza, bebe n'ela ateigada de ledura infinita. E cada volta do río é unha nova sensación para os ollos; xurdea, igual que n'un cinematógrafo insuperable, vistas d'unha riqueza de cór sin comparanza; d'isas córes doces, sen contrastes duros; c'un dominio absoluto d'os verdes, n'unha mesturanza de váreos tonos d'isa cór que ten n'as paisaxes d'a nosa terra unha riqueza única. Xuntanza armónica e docíña de pinceadas milagreiramente saidas d'a paeta xurdia do Artista Supremo.

Casáis espallados. Ao pé d'os Castro, de casiñas escuras, cór d'a terra, homildiñas e coma agachadas adrede n'os vales azuados e acougadiños. Pinos lanzaes que somellan baixaren d'os montes até a mesma beiriña, arelosos de se ollaren n'o espello movibre d'as augas. E lonxe, o mesmo que se fose un teón de fondo, érguense, outos, unhos montes irtos, formados de pendas agrisados, que ameazan de cote ás casiñas que vense aos seus pés.

Xurde de súpeto n'un pequeno castro, o Castelo de Cereixo. Vense as suas almeadas torres entre os pinos i-eucaliptos, coma axexandos os seus arredores, o mesmo que se inda temesen unha acometida ao xeito d'os tempos medioevás. A rentes do Castelo vese a Capela, e máis abaixo,

n'a mesma beira do río, hai un hórreo de pedra, grande, moi grande. Dempois hai unhas casas perto d'unha rampiña. E o porto de Cereixo.

Aparece ao lonxe o esceario magnífico d'a Ponte do Porto. Morren n'o senso total-as sensaciós, e as potencias d'a i-alma fúndense n'a ledicia acuciante de ollar.

Corta o río a ponte, romántica, de catro ollos, que ten n'as cabezas, coma non astrevéndose a pasaren, unhas casiñas brancas. E, n'unha e outra banda, a visión vizosa d'os campos verdes, e os outeiros cubertos de pinos, que agardan o sacrificio, non lonxano cecáis.

Pasan, pol-a banda dereita, moitos carros cangalos con "rolla" de pinos, e n'a mesma beiriña van facendo rías co'eles en agarda d'as gabarras qu'os levaran a Camariñas para seren alí embarcados n'os barcos qu'os carrexan a Denia ou Xixón. E as augas d'o río pasan murmurantes, amodiño, mollando as pías de "rolla", coma se quixeran dar-lhes un bico de despedida.

Un desembarcadeiro a medi ofacer, ao que non pode atracar o bote por non habere auga d'abondo. Un rapaz cólleme a "cabaliño", e chego a terra.

Silenzio, acougo compreto n'a viliña meiga, que bica o sol co'a sua raiola d'ouro. Unha bandada de gorriños cantando a coro, ledos, n'as albores do campo d'a feira. Lonxe, síntese a sinfonia enxordante d'os carros que carrexan "rolla". Van achegándose pouco a pouco... e pasan. Dempois, n'unha fía longa, ceibando todos os seus laios longos tristes e d'agunia. Non se sinte, non se pode sentire mais qu'o seu chorar, retorcéndose en notas agudas, duras; chorar que somella un compendio de todol-os praxes e laios acugulados n'as i-almas sinxelas de todol-os que sofren n'ista terra, abafados por unha sede degarante de xusticia... e ollan, de cote ergueito n'os seus fogares, o pantasma estaneceador d'a fame... e traballan, e suan... ¡e agardan!... Que inda latexan n'os seus peitos as arelas d'un mañán morno e xurdio... e que alimentan n'as suas i-almas boas a esperanza dourada d'a liberación... ¡Máis tanto agardar!... Pasan os días, e os traballos, eas fames, eos aldraxs acugulados van pondo n'as i-almas resignadas un pouso amarguento. E n'os peitos varís e rexoos d'os homes de curazón nobre, alcéndese a labarada roxa d'a desesperación, e nos días de dór, que cuase son todos, apreixan tremantes a fonce... ¡E un día, coma lobos faméntos...!

Ergo os ollos ao ceo azul, limpo. Do fondo do meu curazón xurde, sinxela, a pregaría de todo o meu amor, inmenso, pol-a Terra Nai.

E ao ollare a su beleza, xurdia e incomparable, síntome abrado pr unha anguria grande; e pergúntome:

—¿Cando finará eta pauliña, iste malfadado sino que a abafa?... ¿Inda terá de sofrir máis aldraxes d'os imbeciles alleos, e d'os fillos, desleigados e acéfalos, que sen conecere as suas virtudes, falan mal d'a, e fanna beber a fel de total-as amarguras?... ¿Qué dóres novos, qué aldraxes sanguíñentos, terá inda que sofrir?...

Non atopo réprica. Aperto con forza as mans, e sinto n'a i-alma a dór d'ista verdade:

¡Ela non-os merece, non!...

Ollo o río azul, coma unha cinta de añil. Lonxe xá, vexo a vela branca do bote do "Nacho". E tremo e non quero pensar en que eisi coma fuxe a vela branca, poida fuxir de min a esperanza de que n'unha data, xurdia e dourada, iste sol que n'aloumiña, bique a Nosa Terra leda e feliz... ¡que ben dina e de selo!...

LOIS FERNANDEZ GOMEZ.

Na Ponte do Porto, n'o Outono do 1922.

# Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do **Brasil, Montevideo e Bos Aires**  
 Proximas saídas da Cruña

Vapor correo **H O L M** 7 de Febreiro

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Ptas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: » **365'10**

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

**Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña**

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

**EFECTOS NAVALES**

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**"Patente-Salvavidas"**

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

**F. Bertrar. e Mirambell**

VIGO-CRUÑA

**ZINCKE HERMANOS**  
LIBRERÍA — PAPERERÍA  
IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— **A CRUNA** —

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**Lopez Abente**

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa cras que mais honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adelantos.

**Paulino Freire**

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros  
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

**Novos Almacenes Coruñeses**

Tecidos nacionás e estranxeiros  
Vendas por maior e menor  
Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

**Grandes Almacés de Tecidos**  
**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTREERÍA E CONFECIÓNS

Imenso surtido en Panos da Rexion e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA

**Sobriños de José Pastor**

**BANQUEIROS**

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Quen non teña luz eléctrica pódea ter aínda mais brillante e branca pol-o **ACETILENO**, producida pol-o xenerador e totalizador helióxenos. Novo aparato hispano-argentino sistema

**FREY-TORS e GONZ-LAG**

Premiado na exposición do centenario Arxentino en 1910. Gran diploma d'honor na Exposición Muestrario da Cruña en Agosto de 1919

**Liras, Tulipas, Boquillas, Brazos e Arañas**

Venda de Carburos

FREIXEIRO e FILLO - Cordoneria, 10, baixo - A CRUNA